

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 3 DE

NOVIEMBRE DE 2014

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día tres de novembro de dous mil catorce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta Maria Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Non asiste e presenta escusa don Felipe Andreu Barallobre.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 27 de outubro de 2014

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 27 de outubro de 2014 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asisten á sesión, aprobou o citado borrador.

2º.- Correspondencia

- Anuncio da área de Servizos Provinciais. Sección de Educación, Cultura e Deportes, da Deputación Provincial da Coruña, das bases reguladoras das convocatorias de subvencións dirixidas aos concellos e outras entidades locais, da Deputación Provincial da Coruña, ano 2015. (Boletín Oficial da Provincia número 209, do día 31 de outubro de 2014).

- Anuncio da área de Servizos Provinciais. Sección de Educación, Cultura e Deportes, da Deputación Provincial da Coruña, da convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para a realización de actividades deportivas durante o ano 2015. (Boletín Oficial da Provincia número 209, do día 31 de outubro de 2014).

- Anuncio da área de Servizos Provinciais. Sección de Educación, Cultura e Deportes, da Deputación Provincial da Coruña, da convocatoria do programa de subvencións a

concellos e outras entidades locais para a realización de investimentos deportivos durante o ano 2015. (Boletín Oficial da Provincia número 209, do día 31 de outubro de 2014).

- Anuncio da área de Servizos Provinciais. Sección de Educación, Cultura e Deportes, da Deputación Provincial da Coruña, da convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para realizar actividades culturais durante o ano 2015. (Boletín Oficial da Provincia número 209, do día 31 de outubro de 2014).

- Anuncio da área de Servizos Provinciais. Sección de Educación, Cultura e Deportes, da Deputación Provincial da Coruña, da convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para a realización de investimentos culturais durante o ano 2015. (Boletín Oficial da Provincia número 209, do día 31 de outubro de 2014).

- Anuncio da área de Servizos Provinciais. Sección de Educación, Cultura e Deportes, da Deputación Provincial da Coruña, da convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para contratar animadores culturais durante o ano 2015. (Boletín Oficial da Provincia número 209, do día 31 de outubro de 2014).

- Anuncio da área de Servizos Provinciais. Sección de Educación, Cultura e Deportes, da Deputación Provincial da Coruña, da convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais durante o ano 2015. (Boletín Oficial da Provincia número 209, do día 31 de outubro de 2014).

- Anuncio da área de Servizos Provinciais. Sección de Educación, Cultura e Deportes, da Deputación Provincial da Coruña, da convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para a contratación de persoal técnico deportivo durante o ano 2015. (Boletín Oficial da Provincia número 209, do día 31 de outubro de 2014).

- Anuncio da área de Servizos Provinciais. Sección de Servizos Sociais, da Deputación Provincial da Coruña, da convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais da provincia para o desenvolvemento de servizos sociais no ano 2015. (Boletín Oficial da Provincia número 209, do día 31 de outubro de 2014).

- Anuncio da área de Servizos Provinciais. Sección de Servizos Sociais, da Deputación Provincial da Coruña, da convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais da provincia para o desenvolvemento de programas de envellecemento activo para as persoas maiores no ano 2015. (Boletín Oficial da Provincia número 209, do día 31 de outubro de 2014).

- Anuncio da área de Servizos Provinciais. Sección de Servizos Sociais, da Deputación Provincial da Coruña, da convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais da provincia para o desenvolvemento de políticas de igualdade entre mulleres e homes e de loita contra a violencia de xénero no ano 2015. (Boletín Oficial da Provincia número 209, do día 31 de outubro de 2014).

- Anuncio da área de Servizos Provinciais. Sección de Servizos Sociais, da Deputación Provincial da Coruña, das bases reguladoras do programa de financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais no ano 2015. (Boletín Oficial da Provincia número 209, do día 31 de outubro de 2014).
- Anuncio da área de Desenvolvemento Económico, Turismo e Medio Ambiente, Sección de Promoción e Desenvolvemento Turístico, da Deputación Provincial da Coruña, da convocatoria do programa de subvencións dirixida aos concellos e outras entidades locais para actividades de promoción económica durante o ano 2015. (Boletín Oficial da Provincia número 209, do día 31 de outubro de 2014).
- Anuncio da área de Desenvolvemento Económico, Turismo e Medio Ambiente, Sección de Promoción e Desenvolvemento Turístico, da Deputación Provincial da Coruña, das bases específicas da convocatoria do programa de subvencións dirixido a concellos e outras entidades locais para investimentos de promoción económica 2015. (Boletín Oficial da Provincia número 209, do día 31 de outubro de 2014).
- Anuncio da área de Persoal e Organización, Servizo de Organización. Sección de Formación, da Deputación Provincial da Coruña, das bases específicas da convocatoria de programa de subvencións dirixido a concellos e outras entidades locais para actividade de promoción dos recursos turísticos durante o ano 2015. (Boletín Oficial da Provincia número 209, do día 31 de outubro de 2014).
- Anuncio da área de Persoal e Organización, Servizo de Organización. Sección de Formación, da Deputación Provincial da Coruña, das bases específicas da convocatoria do programa de subvencións dirixido a concellos e outras entidades locais para investimentos de promoción dos recursos turísticos durante o ano 2015. (Boletín Oficial da Provincia número 209, do día 31 de outubro de 2014).
- Anuncio da Secretaría Xeral. Sección de Información e Actas da Deputación Provincial da Coruña, das bases da convocatoria de subvencións a concellos e outras entidades locais da provincia para servizos lingüísticos, ano 2015. (Boletín Oficial da Provincia número 209, do día 31 de outubro de 2014).
- Fax do equipo de soporte da Deputación Provincial da Coruña, de data do día 1 de novembro do ano que andamos, no que, tras a publicación do Real decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das administracións públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, os organismos están obrigados a publicar, con carácter mensual ou trimestral, o período medio de pagamento a provedores cun determinado formato e cumprindo unha serie de requirimentos, ofrece a posibilidade de incorporalo ao portal de transparencia.

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que o venres a excma. Deputación provincial da Coruña aprobou a concesión dunha subvención nominativa para substituír o céspede artificial do campo de fútbol do Dani Mallo.

Igualmente informa que a semana pasada se enviaron as invitacións ás empresas para que concurran á licitación dos dous parques biosaudables, o de Cambre e o de Sigrás.

Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que están a realizar a programación da campaña de Nadal 2015. Engade que o principal cambio é que incorporan aos locais de hostalaría. Tamén hai algún cambio máis que aínda non está definido.

A continuación informa que está aberta a convocatoria da subvención Cambre Emprende e di que remata o día 5 de decembro de 2014.

Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocio Vila Díaz informa que este mércores remata o prazo para presentar a documentación pola empresa que foi adxudicataria dos avais, Canarga, para a execución subsidiaria da urbanización das rúas Abeleira, Martin Codax e Estanque.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que comezou a semana pasada a execución do emisario de fecais no Espírito Santo.

Igualmente, informa que esta semana rematarán as obras da pista de San Lorenzo e que consisten na recollida de pluviais, traslado da marquesiña do bus, a colocación do portal de entrada á finca, así como o acondicionamento da finca para evitar que se encharque.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que o vindeiro venres día 7 se reunirá o xurado do segundo certame fotográfico de Cambre para elixir as fotografías ganadoras do calendario de Cambre. Destaca a gran participación deste ano.

Igualmente informa que o venres día 7, ás 20.00 horas, na casa da cultura, terá lugar a conferencia titulada "Cómo escuchar música clásica" a cargo de don Enrique Melio. Tamén terá lugar este día venres, 7, ás 20.00 horas na sala de exposicións da biblioteca de Cambre a inauguración da exposición de pintura de Carmen Torreiro.

A seguir, informa que o sábado, día 8, o Grupo Sal-Monela Teatro interpretará a obra "Vodebil" no centro sociocultural do Graxal, ás 20.30 horas.

Para rematar a súa intervención, don Santiago Manuel Rios Rama informa que o domingo, día 9, terá lugar a saída para recolectar cogumelos.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona Maria Jesús González Roel informa en canto aos actos que están a realizar para o día 25 de novembro respecto da violencia de xénero. Ademais dos actos en colexios e institutos con nenos da ESO, están a implicar ao comercio local de ti fas Cambre, que repartirán entre os seus clientes 10 vales de 50 euros, e ademais, tamén se entregan 4 vales de 50 euros para as proxeccións que realicen os alumnos nos institutos. Engade que o final da campaña será o día 26 de novembro no local sociocultural do Graxal.

Igualmente informa que a través do Consorcio das Mariñas, se realizará o día 22 de novembro a andaina contra a violencia de xénero. Este ano será en Betanzos e se enviará documentación a todos os establecementos e centros educativos que se queiran adherir ao pacto contra a violencia de xénero programado polo Consorcio das Mariñas.

A seguir informa que comezou a recollida de alimentos que están a realizar todas as asociacións do municipio de Cambre para a despensa municipal, que era un acordo que se adoptou no Consello Sectorial de Benestar Social. Engade que neste consello, a última vez que se formou, lles pediu que se querían facer algunha proposta nos orzamentos de benestar social. Di que presentaron para todas as áreas, e os pasará para o seu estudo.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e corenta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Manuel Rivas Caridad

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia